

## **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE O MORRAZO E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE SA PARA A XESTIÓN DA PLANTA DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS URBANOS DA MANCOMUNIDADE**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar coa Mancomunidade de O Morrazo o instrumento convencional arriba referido con efectos dende o 1 de agosto de 2022 ata o 31 de agosto de 2026.

#### **Antecedentes**

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia.

Que, ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, SOGAMA ten asignada a función de xestión dos residuos urbanos a partir do momento no que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos.

Que a Mancomunidade de O Morrazo, dentro do seu plan de residuos, ten operativa unha instalación de transferencia de residuos urbanos da súa titularidade e que xestiona directamente.

O sistema de xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado por Sogama, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade

de interese xeral é a de conseguir, en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema, o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos. Dito sistema institucional se configura como un sistema de xestión de residuos que a Xunta de Galicia, a través de Sogama, ofrece as entidades locais (que teñen a competencia na xestión de residuos urbanos) a posibilidade de adherirse a dito sistema para a completa xestión dos residuos urbanos da súa competencia a partir da súa entrega nas plantas de transferencia titularidade de Sogama.

Que o sistema ven regulado na D.A. terceira da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, e establece un canon único de xestión por tonelada entregada polas entidades locais nas plantas de transferencia, canon que engloba tódolos costes de xestión incluídos os da inversión, operación e mantementos das plantas de transferencia.

As entidades locais adheridas que dispoñen e xestionan a súa propia planta de transferencia, asumen xa os costes desta fase, polo que, pola vía do convenio de colaboración con estas entidades locais se pode regular as condicións específicas desta situación e compensar en parte ditos costes que, ao abonar o canon unitario do sistema, poderían estar duplicados.

Que en virtude desa cooperación entre os actores implicados na xestión dos residuos e o aproveitamento máis eficiente dos recursos públicos, as partes entenden que as instalacións de transferencia de titularidade da Mancomunidade, xestionadas directamente pola mesma, poden integrarse no sistema de xestión de residuos urbanos xestionado por SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade e xestión directa pola mancomunidade. Isto reporta vantaxes para ambas partes que se poden resumir nas seguintes:

Avantaxe para os concellos que forman a Mancomunidade, pois reducen drasticamente os custos de transporte de lixo cos camións de recollida domiciliaria (pequenos e con dous operarios abordo) á planta de transferencia de Sogama máis próxima.

Avantaxes para o medio ambiente pola redución de tráfico pesado dos camións de recollida domiciliaria.

Avantaxes para Sogama, pois reduce os custos que debería soportar de ter que construír unha nova instalación de transferencia que cumpra os ratios de distancia máxima aos concellos da mancomunidade, ademais dos custos de xestión e mantemento.

De esta forma, o convenio pretende regular as condicións e obrigas de cada unha das partes e, tamén, compensar á Mancomunidade parte dos gastos da xestión directa das instalacións, o mesmo que se fai en situacións similares con outras entidades locais que son titulares e xestionan o seu cargo instalacións de transferencia integradas no sistema institucional.

### **Finalidade e Obxecto do Convenio**

O presente convenio ten por obxecto regula-la cooperación entre a Mancomunidade de O Morrazo e SOGAMA para a integración no sistema institucional de residuos de Galicia da planta de transferencia de residuos urbanos que a Mancomunidade opera polos seus propios medios.

En virtude do presente convenio a planta de transferencia estará integrada funcionalmente no sistema de xestión de residuos urbanos xestionado por SOGAMA, sen prexuízo do mantemento da súa titularidade e xestión directa pola mancomunidade, fixándose as condicións técnicas e económicas de dicha integración.

### **Fundamentación do instrumento convencional:**

A sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de integrar no sistema institucional de xestión de residuos urbanos da Xunta, unhas instalación de transferencia promovidas e xestionadas directamente por unha entidade local adherida voluntariamente ao sistema, fixándose no convenio as condicións específicas que deben regular esta situación especial, exposta no apartado de antecedentes, e concretamente o seu réxime económico e particularidades técnicas específicas.

Dende o punto de vista económico, o sinatura do convenio reporta aforro de costes para ambas entidades do sector público, o que redunda e acadar o fin común da axeitada xestión dos residuos de xeito máis eficiente, economizando a prestación do servizo e garantindo a calidade da prestación aos usuarios das instalacións.

A estimación de coste de xestión da planta de transferencia ascende a 5,31 euros tonelada máis IVE, segundo seguinte desglose:

<b>COSTE DE GESTIÓN PLANTA DE TRANSFERENCIA O MORRAZO</b>					
<b>Costes de Personal (€/año)</b>					
<b>Puesto</b>	<b>Dedicación</b>	<b>Salario bruto</b>	<b>coste SS</b>	<b>Coste bajas+vac</b>	<b>TOTAL</b>
Jefe de planta	5%	45.000,00	787,50		3.037,50
Oficial de primeira	100%	34.000,00	11.900,00	1.700,00	47.600,00
Oficial de segunda	50%	32.500,00	5.687,50	812,50	22.750,00
				<b>total</b>	<b>73.387,50</b>
<b>Costes de mantenimiento (€/año)</b>					
Mantenimiento de equipos y consumibles			25.000,00	€/año	
Mantenimiento de obra civil, depuradora, etc			8.000,00	€/año	
		<b>total</b>	<b>33.000,00</b>	<b>€/año</b>	
<b>Otros costes</b>					
	<b>€/año</b>				
Consumo eléctrico	11.800,00				
Telefonía	540,00				
Agua	680,00				
Informes M.A.	1.200,00				
Depuración	8.900,00				
<b>total</b>	<b>23.120,00</b>				
<b>TOTAL Costes de gestión</b>		<b>129.507,50</b>	<b>€/año</b>		
<b>Toneladas gestionadas O Morrazo</b>		<b>24.400,00</b>	<b>t/año</b>		
<b>Coste gestión €/t</b>		<b>5,31</b>	<b>€/t</b>		

Dito coste coincide en boa medida co que Sogama paga aos xestores das plantas de transferencia da súa titularidade, sen contar os costes de inversión que tería para Sogama a construción dunha nova instalación que cumprise o ratio de menos de 30 quilómetros do concello máis afastado da planta.

Polo tanto, a subscrición do convenio implica un importante aforro ao evitarse a traslado dos residuos da mancomunidade en camións de recollida de limitada capacidade e con dous operarios a unha estación de transferencia a máis de 30 quilómetros de distancia ou a construción dunha nova instalación de transferencia titularidade de Sogama nun radio inferior a ditos 30 quilómetros.

Dito aforro permite establecer un importe de 4,75 euros tonelada máis o IVE como compensación a mancomunidade pola titularidade, operación e xestión da súa propia instalación de transferencia, polo que o aforro de costes é compartido por ambas partes e, o que é máis importante, prodúcese un aforro a cidadanía dos concellos que forman a mancomunidade, froito da colaboración entre ambas entidades do sector público.

Dacordo co anterior, o convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 494.000 euros sen IVE, con cargo aos seus orzamentos, segundo estimación de afluencia de 26.000 toneladas de residuos transferidos na planta ao ano polo importe de 4,75 euros sen IVE.

Ao superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, e ter unha duración plurianual, o convenio precisa da autorización previa do Consello da Xunta

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao tratarse dun convenio de colaboración de conformidade co establecido no artigo 6.2 de dita norma, sen prexuízo de que, da acordo co previsto no seu artigo 4º, lle sexan de



aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino  
Presidente